

Moción do Grupo Municipal Ourense en Común a presentar no pleno ordinario do mes de xullo (03/07/2015).

Moción presentada ao amparo do previsto no artigo 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais para instar a organismos supramunicipais para desbloquear a situación de supresión de módulos no CIFP Portovello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Estase a dar unha situación de terrible desamparo para un grupo de alumnas e alumnos do CIFP Portovello, así como un ataque ao ensino público e de calidade no noso concello. Pretende suprimirse neste centro os estudos dos Ciclos Superior de Educación Infantil (CSEI) e Medio de Atención a persoas en situación de Dependencia (CAPSD) na oferta presencial de persoas adultas, quedando como única alternativa para o alumnado interesado nestes estudos a modalidade a distancia, debido á imposibilidade de matricularse na oferta ordinaria.

Temos, por unha banda, unha situación de discriminación en canto ao dereito á formación permanente. Especialmente protexido segundo a Lei Orgánica 5/2002 de 19 de xuño das cualificacións e da formación profesional (art 1.2), a oferta de formación sostida con fondos públicos promoverá a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás distintas expectativas e situacións persoais e profesionais. É unha realidade que, a oferta de persoas adultas é especialmente axeitada para dar resposta á situación de persoas que por motivos laborais ou de conciliación familiar non están en disposición de adaptarse aos estudos da oferta ordinaria. A alternativa colectiva que se presentada son os estudos a distancia. Estes esixen competencias e recursos informáticos e realízanse con un limitado acompañamento directo do equipo docente. Esta situación é especialmente preocupante para o alumnado do CAPSD, procedente na súa maioría do mundo laboral, que non ten adquiridas competencias dixitais básicas para desenvolverse na plataforma de teleformación, que no momento de iniciar os seus estudos non lles eran necesarios. De consumarse esta situación, estaríase novamente atentando contra os principios da non discriminación.

Por outra banda, estase a dar, unha situación de desequilibrio territorial xa que Ourense se converterá na única provincia que non contará cunha oferta completa nas tres modalidades. É especialmente rechamante esta realidade, cando ao longo dos últimos anos, esta formación viña tratando de dar reposta ás necesidades socioeconómica dunha provincia, con altos índices de dispersión, envellecemento e dependencia da súa poboación, na que moitas persoas están atopando unha oportunidade laboral.

Ademais disto, todos o movemento dos últimos tempos fan pensar nunha estratexia privatizadora desta formación, xa que logo, si haberá prazas no ensino privado. Un centro ourensán ofertará estes estudos de xeito concertado no réxime ordinario e sen concerto, polo momento, no réxime presencial de persoas adultas. Cando menos chama a atención o desmantelamento duns estudos do público no momento en que comezan a ofertarse dende o sector privado na nosa cidade e provincia.

Sorprende a utilización do argumento de baixa matrícula nalgúns módulos dos ciclos afectados. Cos datos na man, unha análise da evolución da matrícula do ciclo de APSD ao longo dos tres últimos cursos, desde a implantación dos mesmos no réxime das persoas adultas, amosan un progresivo asentamento dos estudos, sen observarse unha perda de matrícula e conseguindo aumentar notabelmente o número de alumnado que accede á FCT e ao título. Ademais desde hai algún tempo, vense constatando no departamento do Ciclo, un maior índice de colocación por parte do alumnado deste réxime, con respecto ao do ordinario.

Este ataque ao ensino público no Centro Integrado de FP Portovello, non se limita só á oferta formativa da Familia Profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade. No que se refire á oferta de Administración, hai que manifestar que o cambio da oferta modular do CS ADFI por ciclo completo á oferta parcial de dito ciclo supón a extinción a curto prazo do réxime modular (no curso 2016/2017).

Por iso, o grupo municipal de Ourense en Común solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia e a Consellería de Educación a reconsiderar a súa decisión de suprimir o réxime presencial para persoas adultas dos Ciclos Superior de Educación Infantil (CSEI) e Medio de Atención a persoas en situación de Dependencia (CAPSD)

2. Instar á Xunta de Galicia e a Consellería de Educación á non extinción da modalidade parcial da oferta modular do CS ADFI.

3. Demandar á Xunta de Galicia e a Consellería de Educación solucións colectivas para o alumnado cos estudos iniciados, protexendo o dereito a un ensino público e de calidade, así como os dereitos de non discriminación e de educación permanente.

E para que conste aos efectos oportunos Martiño Xosé Vázquez Mato con D.I. 44480381-Z, en calidade de concelleiro e voceiro do grupo municipal de Ourense en Común, asina o presente documento en Ourense a 29/06/2015

Asdo. Martiño Xosé Vázquez Mato